

# AYUNTAMIENTOS

## CANGAS

### EDITO

Aprobado inicialmente pola Pleno do Concello do concello de Cangas, con data 30 de outubro de 2007, no que se acordaba modificar as tarifas de varias ordenanzas e implantar tres novas, someténdose a información pública por 30 días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de data 9 de novembro de 2007, e no diario Faro de Vigo do 7 de novembro de 2007, e que ademais foi exposto no taboleiro de anuncios do Concello durante 30 días hábiles, resultou que algunhas foron recorridas e outras non. As que non se presentaron reclamacións, foron publicadas definitivamente no B.O.P. de 26.12.07 e 28.12.07, se ben nestas publicacións observáronse os seguintes erros e omisións:

#### ERROS:

<i>Ónde di:</i>	<i>Debe dicir:</i>
B.O.P. 26.12.07	
<i>Imposto Incremento Valor de Terreos. Coeficientes:</i>	
Anos 1 a 5 ..... 2,98	Anos 1 a 5 ..... 3,06
Ate 10 anos ..... 2,63	Ate 10 anos ..... 2,70
Ate 15 anos ..... 2,52	Ate 15 anos ..... 2,59
Ate 20 anos ..... 2,52	Ate 20 anos ..... 2,59
<i>Taxa Cemiterio municipal</i>	
Concesións ceniceiros. .... 303,22	Concesións ceniceiros. .... 266,25
<i>Taxa por expedición de documentos</i>	
Recibos ou copias dos mesmos ..... 0,	Recibos ou copias dos mesmos ..... 0,06
<i>Licencias urbanísticas</i>	
e.1 Se o presuposto exec.<7000000 ..... 0,29%	e.1 Se o presuposto exec.<42070,85 €. .... 0,29%
<i>Rexistro de cans e animais perigosos</i>	
Expedición de Licencias 16,47	Expedición de Licencias 15,98
Renovación de licencias 8,24	Renovación de licencias 7,99
Inscripción no rexistro municipal de animais perigoso 16,47	Inscripción no rexistro municipal de animais perigoso 15,98
Modificación no rexistro municipal A.p. 8,24	Modificación no rexistro municipal A.p 7,99
Cancelación no rexistro municipal A.p. 8,24	Cancelación no rexistro municipal A.p 7,99
Inscripción no rexistro municipal de todo tipo de cans 3,3	Inscripción no rexistro municipal de todo tipo de cans 3,19
Modificación no rexistro municipal de todo tipo de cans 1,64	Modificación no rexistro municipal de todo tipo de cans 1,60
Cancelación no rexistro municipal de todo tipo de cans 1,64	Cancelación no rexistro municipal de todo tipo de cans 1,60
<i>Taxas utilizac.privativa ou aproveitamentos especiais vía pública.</i>	
Ocupac.elem.const.pechados, toldos, marquesinas.	
5.—Con tribunas transitoria, m2 ou fr/día 1,06	5.—Con tribunas transitoria, m2 ou fr/día 10,65

Utiliz.rótulos, carteis e outras instalac.

1) Exhbic.rótulos:

a) dentro casco urbano, m2 ou fr.e trim. 189,57	a) dentro casco urbano, m2 ou fr.e trim. 1,82
b) No resto do termino muni., m2 fr.e trim. 1,26	b) No resto do termino muni., m2 fr.e trim. 1,21
c) En vehículos m2 ou fracc. e trim 1,26	c) En vehículos m2 ou fracc. e trim 1,21

2 Exhbic.de cartís e megafonía

a) Sin que exc.0,66 € m2/día 0,14	a) Sin que exc.0,66 € m2/día 0,13
b) Megafonía, € día/fracc. 2,51	b) Megafonía, € día/fracc. 2,40

Ordenanza fiscal reguladora taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do solo, subsolo ou voo na vía publica municipal por empresas explotadoras dos servizos de telecomunicación ou de suministros, a excepción de telefonía móbil.

Artigo 8, 9, 10 ,11 e 12 observanse incorreccións, co que se publican novamente:

#### *Artigo 8. Devengo e período impositivo*

1. A taxa devéngase:

- a) Cando se trate de concesións ou autorizacións de novos aproveitamentos, no momento de solicitar a licenza correspondente.
- b) Cando se trate de concesións ou autorizacións de aproveitamentos xa autorizados e cuxa duración se prolongue en distintos exercicios, o primeiro día de cada periodo natural que corresponda.
- c) Naqueles supostos nos que o aproveitamento especial a que fai referencia esta ordenanza fiscal non requira licenza ou autorización, dende o momento en que o aproveitamento especial comezara. A estes efectos, enténdese que comezou o aproveitamento no momento en que se iniciou a prestación do servizo aos cidadáns que o demanden.

2. Nos supostos de inicio ou cese na utilización privativa ou no aproveitamento especial, as cotas prorratearanse por trimestres naturais.

3. Cando o día do inicio da utilización privativa ou do aproveitamento especial non coincida co ano natural, as cotas calcularanse proporcionalmente ao número de trimestres que resten para finalizar o ano, incluído o de inicio da utilización ou aproveitamento.

4. No caso de cese na utilización privativa ou no aproveitamento especial, as cotas serán prorrateables por trimestres naturais, excluído aquel no que se produza o cese na utilización ou no aproveitamento.

5. Cando por causas non imputables ao obrigado ao pago, a utilización ou aproveitamento do dominio público non se desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente aos trimestres na-

turais nos que a dita utilización ou aproveitamento non se desenvolva.

#### *Artigo 9. Xestión da taxa: Ingresos a conta*

1. Establécese o sistema de autoliquidación para o ingreso das cotas que correspondan.

2. O ingreso da cota realizarase mediante catro autoliquidacións trimestrais a conta da autoliquidación definitiva que se practique.

3. O importe de cada autoliquidación trimestral equivaldrá á cantidade resultante de aplicar a porcentaxe do 1,5 % xa indicada, ao 25 % dos ingresos brutos de explotación devengados pola empresa explotadora do servizo no exercicio anterior.

4. As autoliquidacións presentarase e ingresaranse no mes seguinte a cada trimestre natural polos obrigados ao pago, xunto coa certificación dos feitos concretos expedida polos auditores da empresa na cal se reflectan os ingresos brutos do exercicio sometido a tributación, así como calquera outro dato que para comprobar a exactitude dos ingresos brutos, lles sexa reclamado pola Administración municipal. Esta certificación achegarase unha única vez, con motivo da presentación da primeira das autoliquidacións a conta do exercicio.

#### *Artigo 10. Xestión da taxa: Autoliquidación definitiva*

1. A autoliquidación definitiva presentarase polos obrigados ao pago antes do 30 de xullo seguinte ao ano natural ao que se refira, xunto coa certificación dos feitos concretos expedida polos auditores da empresa na cal se reflecten os ingresos brutos do exercicio sometido a tributación. O importe da mesma determinarase mediante a aplicación da porcentaxe prevista do 1,5 % á contía total dos ingresos brutos de explotación devengados polo suxeito pasivo durante o dito ano natural no termo municipal de Cangas, ingresándose a diferenza entre o dito importe e o dos pagos a conta do mesmo anteriormente efectuados. No suposto de que existise saldo negativo, o exceso satisfeito ao concello compensarase na primeira ou sucesivas autoliquidacións que presenten as empresas explotadoras de servizos, sen que haxa lugar ao devengo de xuros de demora.

2. Se durante o ano natural a empresa explotadora ou prestadora do servizo cedese a outra a dita explotación ou prestación dos servizos obxecto da exacción, a autoliquidación definitiva será presentada por cada unha das empresas polos trimestres durante os cales se desenvolva o dereito á utilización privativa ou ao aproveitamento especial.

#### *Artigo 11*

Todas as autoliquidacións presentarase ante o concello e os ingresos efectuarase nas entidades financeiras autorizadas nos prazos establecidos.

#### *Artigo 12. Convenios de colaboración*

Poderán establecerse convenios de colaboración coas empresas, institucións e organizacións representativas dos obrigados ao pago, coa fin de simplificar o cumprimento das obrigas formais e materiais derivadas daquelas, ou os procedementos de liquidación ou recadación.

Asimesmo, e potestativamente, os suxeitos pasivos poderán optar por seguir o mesmo réxime previsto nos artigos 9 e 10 desta ordenanza, pero facendo as autoliquidacións a conta con periodicidade mensual.

BOP 28.12.07

#### *Imposto Circulación vehículos tracción mecánica. c) Camións*

De menos 1000 Kg.c.útil	16,05	De menos 1000 Kg.c.útil	55,26
-------------------------	-------	-------------------------	-------

#### *Imposto Construcc.Instalac.e obras.*

	3,05	Tipo impositivo	3,05
--	------	-----------------	------

#### *Obras menores*

1 m2 substituc.carpinteria	53,77	m2 substituc.carpinteria	53,25
2 ud.porta de madeira	143,16	ud.porta de madeira	141,78
3 m2 reposic.cristales	13,55	m2 reposic.cristales	13,42
4 m2 reparac.e reposición mat.cubrición	20,16	m2 reparac.e reposición mat.cubrición	19,96
5 m2 sollado de terrazo	13,44	m2 sollado de terrazo	13,31
6 m2 sollado de cemento	13,42	m2 sollado de cemento	13,29
7 m2 sollado de parquet	33,55	m2 sollado de parquet	33,22
8 m2 rodapé	2,69	m2 rodapé	2,66
9 m2 encintado	2,24	m2 encintado	2,22
10 m2 limpeza de paredes de pedra	3,37	m2 limpeza de paredes de pedra	3,34
11 m2 pintura	6,71	m2 pintura	6,64
12 m2 azulexado	21,25	m2 azulexado	21,04
13 m2 reboque	10,07	m2 reboque	9,97
14 m2 falso teito	11,42	m2 falso teito	11,31
15 m2 mampara	60,49	m2 mampara	59,9
16 m2 impermeabilización	7,83	m2 impermeabilización	7,75
17 m.baixante	11,76	m.baixante	11,65
18 m2 cámara de aire	13,44	m2 cámara de aire	13,31
19 m2 reixas de seguridade	67,21	m2 reixas de seguridade	66,56
20 m2 picar cales	3,37	m2 picar cales	3,34
21 m3 limpeza de rozas de terreos	2,01	m3 limpeza de rozas de terreos	1,99
22 m3 excavación	3,7	m3 excavación	3,67
23 ud.punto de luz, enchufe.	16,14	ud.punto de luz, enchufe.	15,98
24 ud.fosa séptica	376,41	ud.fosa séptica	372,78
25 ud.pozo de agua	1008,24	ud.pozo de agua	998,52
26 ud.Lápida	201,22	ud.Lápida	199,28
27 Instalación sanitarios:		Instalación sanitarios:	
Bañera	128,62	Bañera	127,38
Lavabo	80,66	Lavabo	79,88